

## **EXTRACTO DA CONVOCATORIA**

### **CONVOCATORIA DE AXUDAS A PROL DA NATALIDADE NO CONCELLO DE BOQUEIXÓN 2023.**

Extracto das bases da convocatoria aprobada en Xunta de Goberno celebrada o día 14 de abril de 2023 pola que se convocan subvencións destinadas ao fomento da natalidade no Concello de Boqueixón no ano 2023.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a de a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na páxina web municipal (<https://www.boqueixon.gal>) e na Sede Electrónica deste concello (<https://sede.boqueixon.es>).

#### **1. Obxecto e finalidade das axudas.**

O obxecto destas bases é regular a convocatoria pública por parte do Concello de Boqueixón para a tramitación e concesión de subvencións destinadas ao fomento da natalidade no Concello no ano 2023. Así mesmo a finalidade é a concesión de axudas a familias para sufragar parcialmente os custes derivados do nacemento e/ou acollemento ou adopción de nenos/as empadroados no Concello de Boqueixon.

Esta axuda económica tamén ten por obxecto apoiar ao comercio local, polo que o gasto das familias teranno que efectuar nas empresas radicadas no municipio de Boqueixón.

#### **2. Natureza xurídica.**

Esta axuda ten carácter de subvención e rexerese pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e normativa que a desenvolve, e a Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

#### **3. Beneficiarios/as.**

Estas axudas poderán ser solicitadas polos pais/nais ou titores/as das nenas e nenos nados/as entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023 e empadroados no concello de Boqueixón.

O artigo 5 das bases reguladoras recollen os requisitos e obrigas das persoas beneficiarias.

#### **4. Gastos subvencionables. Importe e financiamento.**

Son gastos subvencionables os relacionados no artigo 5, punto 1).

Importe máximo da convocatoria: 8.000 euros.

As subvencións concedidas financiaranse con recursos propios municipais con cargo á aplicación orzamentaria 231.480.03 do orzamento municipal.

Período subvencionable: do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2023.

#### **5. Prazo e forma de presentación de solicitudes.**

O prazo e forma de presentación de solicitudes está recollido no artigo 7 das bases da convocatoria. As solicitudes poderán presentarse por vía electrónica nos modelos normalizados ou presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Boqueixón, ou calquera dos outros medios aos que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

#### **6. Procedemento de concesión.**

O procedemento de concesión da axuda é o de concorrencia non competitiva, por non ser necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, de acordo co previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### **7. Prazo de xustificación.**

Os prazos de xustificación aparecen recollidos no artigo 5 das bases reguladoras destas axudas.